

ELEXÍAS Á TÚA VIDA

RAMÓN REIMUNDE



a resultar o teu último libro, *Elexías à miña vida pequeniña*, quizá o teu segundo libro escrito, na versión dun mecanoscrito esquencido na mesiña de noite de Álvaro Cunqueiro durante 54 anos, até que foi resgatado polo Instituto de Estudios Chairegos. O teu derradeiro agasallo.

E resulta curioso isto e mesmo redundante, Manuel, porque ti escolleches conscientemente publicar como despedida o título *As brétemas do muiñeiro* que era exactamente capicua do outro libro primeiro teu publicado cincuenta anos antes: *Muiñeiro de brétemas*. E non foi así, pois o derradeiro foi aquel segundo libro esquencido con elegías dunha vida que xa vas sabendo que foi pequeniña.

Estou eu agora debaixo dun carvallo lendo un libro de poesía. E choveu nesta tarde quente de Setembro: a terra arrecende a vida, ole a muller, sobre todo a erva, que é feminina, como as árbores, ese traxe verde do planeta. E Deus vai agasallar-nos con un anoitecer belísimo, un roibén nuboso sobre as montañas escuras do Xistral. Xistral era a tua editora. E así foi durante seis décadas, unhos cuarenta e seis títulos líricos se non me falla a conta. E teño os títulos de teatro, de narrativa, de ensaio e de xornalismo, algunhos co teu heterónimo Manuel Hortas Vilanova en *A Nosa Terra*. Reseñas e resumos de centos de conferencias, pregós, recitais, mesas redondas e intervencións varias. Que vida pequeniña a tua, Manuel! Non teño todos os teus libros soltos, pero teño ese tesouro da tua *Obra Poética Completa*. E teño os versos soltos no corazón que veñen daqueles libros preferidos ...e aquel poema *Rosas*. Grazas, Manuel!

Escoito opinións de profesoras que desprezan a tua obra como se fose a dun poeta popular. E non saben que iso é o máis grande que pode ser un poeta, popular.

Deus nos libre que Manuel Maria reúna mañá a todos os seus amigos nunha despedida nacional. Seria unha multitude de xente autente do país e habería que facer o milagre de multiplicar os pás e os peixes para dar de comer a tanto povo; a non ser que lles demos unha boa ración de poesía, ese maná para pasar o deserto.